ALCANZAR UN DESARROLLO URBANO EQUILIBRADO	➢ **Alcanzar una distribución equitativa del espacio público y mejorar la convivencia de los distintos modos** recuperando el protagonismo del peatón frente al automóvil. ➢ **Garantizar la accesibilidad universal** al sistema de movilidad independientemente de las características del usuario como pueden ser la edad, el sexo, grado de discapacidad, etc. ➢ **Integración y coordinación de las políticas de movilidad en la ordenación del territorio.** Se promoverá la integración de las políticas de movilidad en el Planeamiento Urbanístico de Arteixo y viceversa promoviendo la mezcla de usos y la densificación de manera que se potencie el modelo de ciudad compacta, más favorable para los modos no motorizados así como el transporte público.
MEJORAR LA SEGURIDAD Y LA CALIDAD URBANA	➢ **Aumentar y potenciar una movilidad segura y reducir la accidentalidad** en todos los modos de transporte y todos los usuarios con especial atención a los usuarios más vulnerables. ➢ **Fomento y mejora de la calidad urbana**
LOGRAR UN CAMBIO EN LAS CONDUCTAS DE MOVILIDAD DE LA CIUDADANÍA	➢ **Promover medidas de formación, sensibilización y concienciación de la sociedad en hábitos de movilidad sostenible** ➢ **Introducción y promoción de las nuevas tecnologías** en el sistema multimodal de transportes que permitan al usuario mejorar la concepción y planificación de los viajes garantizando que las decisiones sobre la utilización de modos y la forma de realizar los viajes encaje en un modelo de transporte sostenible competitivo: Smart Mobility.

O documento de propostas do PMUS sinala os programas de actuación propostos. Estas propostas que establece o programa de actuación en relación coa seguridade viaria se indican no apartado 2.7.2. Como propostas de acondicionamento das travesías urbanas se sinala: adecualas ao ámbito urbano procurando un maior equilibrio entre o espazo público dedicado ao coche e o dedicado ao resto de modos de transporte mediante a reordenación das seccións viarias en travesías aumentando o posible o espazo peonil e ciclista, o establecemento de medidas de acougado do tráfico mediante badenes, pasos de peóns elevados, semáforos ou radar e a redución de límites de velocidade a 30 km/h.

No PMUS se informa que a Xunta está a realizar a obra de ampliación da capacidade da Avenida da Deputación, cun desdoblamento dos carrís entre a glorieta elevada de Sabón e a Avenda da Enerxía.

Figura 6. Planta del desdoblamiento de la Avenida de la Diputación. Fuente: Xunta de Galicia.

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Normas Subsidiarias Municipais do Concello de Arteixo

O viario atravesa zonas delimitadas como urbanas no planeamento municipal e zonas delimitadas como núcleo rural. (Núcleo rural tradicional). As estradas de competencia autonómica indicadas no documento presentado son a AC-552, AC-551 e AG-55. O Plan de Acción considera actuacións prioritarias as propostas en determinados tramos da estrada AC-552.







Neste informe se analiza o viario en correlación co tecido urbano no contorno da estrada AC-552, respecto das zonas determinadas como prioritarias polo plan autonómico coa intención de poder incorporar a perspectiva urbanística as actuacións propostas. Tal e como sinala o PMUS, a coordinación competentes en relación ao viario resulta necesaria para acadar os obxectivos previstos.

Dende a perspectiva da trama urbanística se poden diferenciar tres tramos con respecto ao viario. Un primeiro tramo onde se sitúan asentamentos urbanos dispersos supeditados ao viario (Estibada, Quinto Pino, A Maceira e Galán). Un segundo tramo onde os asentamentos de poboación compactos e densos están a producir cambios na estrada cunha transformación en travesía urbana (Vilarodís e Arteixo). Un terceiro tramo onde se sitúan os asentamentos rurais dispersos supeditados ao viario. Nas seguintes imaxes se sinalan estes tramos sobre os visores do Siotuga no caso do planeamento e do PBA na imaxe aérea.

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



- **Primeiro tramo,** comprende os asentamentos de poboación máis dispersos, onde o viario e o vehículo teñen prevalencia sobre a trama urbana e os peóns. Nestes tramos a velocidade de circulación é elevada e as pendentes pronunciadas. Se corresponden co tramo do viario dende o PK 2+200 ata 6+120. Os núcleos que abarca son:

  - Unha pequena zona residencial no linde co Concello da Coruña, nun entorno industrial, na zona da Estibada.

  - O núcleo urbano do Quinto Pino, compacto e desvinculado da trama urbana e rodeado de infraestruturas. O viario non atravesa o núcleo senón que discorre polo borde.

  - O núcleo de A Maceira, que forma parte do núcleo urbano de Pastoriza e que conecta esta zona con Meicende, este é un punto de conexión das diferentes tramas urbanas onde o viario atravesa por un lateral o núcleo dificultando as relacións urbanas en ambos laterais.

  - Unha zona residencial na zona de Galán.

- **Segundo tramo,** comprende os asentamentos de poboación máis compactos, onde a trama urbana predomina sobre a trama viaria. Nestes tramos a velocidade de circulación se ve reducida

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

polas constantes intersecciónes e cruces. Se corresponden co tramo do viario dende o PK 6+210 ata 11+230. Os núcleos que abarca son:

- O núcleo urbano de Vilarodís. O viario se transforma e mestura na trama de rúas a ambos lados da estrada. Neste asentamento habita unha parte importante da poboación do concello.

- O núcleo urbano de Arteixo. Da mesma forma o viario se transforma e mestura na trama de rúas a ambos lados da estrada. Este asentamento é o centro urbano máis importante do concello, onde habita a maior parte da poboación do concello é onde se atopan a maioría dos servicios do concello.

- **Terceiro tramo,** comprende os asentamentos de poboación rurais (núcleos rurais e núcleos rurais tradicionais), onde o viario e o vehículo teñen prevalencia sobre a trama urbana e a circulación peonil. Nestes tramos a velocidade de circulación dos vehículos é elevada e os núcleos rurais tradicionais que inicialmente convivían co viario sufriron unha transformación ao resultar divididos polo corte que supón a relevancia do viario e a presencia dun trazado que antepón as necesidades do vehículo fronte as necesidades do núcleo rural e dos seus habitantes. Se corresponden co tramo do viario dende o PK 11+240 ata 17+830. Os núcleos rurais que abarca son:

- O núcleo rural de Castelo. Clasificado polas normas como solo de núcleo rural. Neste núcleo se agrupan Castelo, Preguín, Campo, Hermida e Vilarnovo. Este núcleo dun tamaño considerable é unha encrucillada que relaciona as parroquias de Lañas e Arteixo coas de Barañán (CP-0506) e Armentón (DP-0507). O núcleo, cunha forma alargada seguindo o viario, se estende a ambos lados da estrada. A estrada foi tomando protagonismo producindo un corte no asentamento rural.

- Os núcleos rurais tradicionais de Anide e Caserío de Biñeiro.

- O núcleo rural tradicional de Paradela. Dividido fisicamente en dúas zonas. Nunha dela se sitúa a Escola Unitaria de Rexedoiro (EEI Larín de Arriba). Os alumnos maioritarios desta escola habitan na Parroquia de Larín. O concello dispón dun autobús que conecta os núcleos e traslada a parte do alumnado, salvo ao que se sitúa máis preto do centro educativo. Non existe camiño escolar seguro, é unha zona onde os vehículos circulan a maior velocidade e o viario se impón fronte ao peón.

- O núcleo rural tradicional de Casanova. Núcleo que se sitúa a ambos marxes do viario, e ao igual que nos casos anteriores, o viario tamén se impón sobre o asentamento e a circulación peonil.

O sistema viario e os asentamentos de poboación están intimamente relacionados, polo que a continuación se aporta fotomontaxe dos planos da normativa municipal no Siotuga sobre os planos aportados na documentación acústica presentada. Nestas imaxes se pode apreciar a complexidade de cada tramo do viario en relación coa trama urbana e rural existente.

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.







CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





Actuacións propostas no Plan de Acción.

O Plan de Acción establece actuacións correctivas nos casos nos que se están a incumprir os obxectivos de calidade acústica, dado que resulta necesario aplicar medidas polo que se definen as Zonas prioritarias de actuación. Respecto do Concello de Arteixo se contemplan 6 zonas de actuacións prioritarias e unha limítrofe co Concello de Laracha. Actuacións prioritarias nº 2, 3, 4, 11, 13, 29 e 43. (tamén no extremo este da zona nº 29 de Laracha), na Fase III, con Orde de Prioridade 3, 2, 4 e 43.

As actuacións consideradas máis prioritarias se localizan no entorno máis urbano do concello, tendo como eixo a rotonda de Sabón, se localizan a ambos lados. Son os núcleos de Vilarodís e Arteixo, estes tramos da malla urbana compacta son os que presentan maiores problemas de cumprimento da normativa acústica dada a convivencia entre unha vía de conexión entre municipios limítrofes e a localización no seu percorrido de núcleos urbanos con un índice de poboación elevado co resultado dun viario que funciona como travesía urbana integrada no conxunto de rúas do núcleo.

O Plan propón actuación xenéricas, sen definir e dando resposta a uns datos estatísticos que non reflicten a realidade complexa do entorno. Non se aportan datos dende diferentes perspectivas sectoriais e urbanísticas polo que os resultados quedan limitados á procura dunha solución a un solo aspecto do impacto do viario que neste caso é o impacto acústico.

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Contribuiría a unha solución en conxunto realizar o estudo das actuacións prioritarias dende un punto de vista integral, considerando tanto o impacto acústico como a mobilidade, accesibilidade, seguridade viaria entre outros e tendo como foco o PMUS. No propio Plan de Mobilidade se establece a posibilidade de creación dunha Mesa da Mobilidade como elemento de relación entre os diferentes sectores e administracións implicados. (apartado 2.12.4 do Documento de Propostas)

A continuación se realiza unha análise das actuacións prioritarias propostas dende o punto de vista urbanístico. A información aportada no documento non concreta ditas actuacións nin se sinala o motivo polo que se elixen ou rexeitan as diferentes solucións. Non se aporta información sobre a forma na que se pretenden realizar ditas actuacións propostas polo que o informe está limitado á información existente nos documentos achegados. Os datos de poboación afectada polos impactos acústicos deberían contrastarse cos datos dispoñibles na área de padrón e estatística do concello.

Primeiro tramo:

Nº de actuación: 43. AC-552 Arteixo. PK inicio e fin 2+220 2+300, cunha lonxitude de 80 metros e unha estimación de 12 persoas afectadas. As medidas propostas son as seguintes: Pantalla acústica.

O primeiro punto cunha problemática acústica se sitúa na zona da Estibada onde se localiza unha pequena zona residencial en altura a un lado da estrada, totalmente deslocalizada e rodeada dunha zona industrial e limitando con unha canteira en explotación. O Plan propón como medida unha pantalla acústica, se debería definir o tipo de pantalla e a súa localización. Resultaría adecuado realizar as pantallas vexetais tanto nas contornas urbanos como rurais do municipio e resolver os problemas dos cruces de viario que resultan imprescindibles para os peóns, neste caso para acceder con seguridade á parada de transporte colectivo.



Nº de actuación: 13. AC-552 Arteixo. PK inicio e fin 4+060 4+330 e cunha lonxitude de 270 metros e unha estimación de 46 persoas afectadas. Medidas propostas: Cambio de pavimento fonoabsorbente.

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de actuación: 11. AC-552 Arteixo. PK inicio e fin 4+800 5+290 e cunha lonxitude de 490 metros e unha estimación de 135 persoas afectadas. Medidas propostas: Tratamento de calmado de tráfico (cebreado central) e Redución da velocidade a 30 km/h

A continuación a vía de circulación atravesa diferentes zonas residenciais clasificadas como solo urbano nas NSM. O trazado e pendente da vía dificultan o convivencia co tecido residencial existente. As solucións propostas no documento son diferentes, e como no caso anterior, non se xustifica o motivo da súa elección. Resulta relevante dende a perspectiva urbanística o punto de cruce entre a AC-552 e a DP-0502 na Maceira, este entronque coa estrada provincial na Maceira, a cal forma parte do núcleo urbano de Pastoriza. A DP- 0502 conecta o viario AC-415 co AC-552 polo que está a conectar A Maceira e Pastoriza con Meicende. Neste punto sería necesario un elemento singular que facilite o tránsito peonil e de vehículos e reduza a velocidade nesta zona con importante pendente e separada por tramos de viario sen edificación e con un trazado interurbano polo que se debería dar unha resposta conxunta á resolución do nó viario.



Segundo tramo:

Núcleo urbano de Vilarodís:

Nº actuación: 3. AC-552. Arteixo PK inicio e fin 6+135 8+000 , con unha lonxitude de 1865 metros e cunha estimación de 906 persoas afectadas: As medidas propostas son as seguintes: Tratamento de calmado de tráfico (creación de mediana/cebreado central, estreitamento de carrís, remodelación de glorietas, remodelación de aparcadoiros, vías de servicio, etc.); Renovación de pavimento e Redución da velocidade a 30 km/h.

Neste tramo o viario presenta no inicio unha pendente importante que desaparece a medida que nos achegamos á rotonda de Sabón. O tecido residencial en bloque en altura bordea ambos laterais do viario, sendo máis extenso na zona con menor pendente. Neste tramo existen edificacións e trama urbana nos laterais da vía, presentando as características dunha travesía urbana. Sería adecuado que as actuacións propostas se articulen en conxunto coas actuacións municipais previstas e en concordancia co planeamento, dando maior relevancia á circulación peonil.

Núcleo urbano de Arteixo:

Nº de actuación: 2. AC-552. Arteixo PK inicio e fin 8+170 9+880 e con lonxitude de 1710m e cunha estimación de 592 persoas afectadas: As medidas propostas son as seguintes: Tratamento de calmado de tráfico (cebreado central) e Redución da velocidade a 30 km/h

Na zona do viario que se sitúa a continuación da rotonda de Sabón o tecido urbano tamén se localiza a ambos laterais da vía coa peculiaridade dos diferentes usos, un industrial e o outro residencial. Tanto o viario como a diferenciación de usos e a intensidade do tráfico acentúan a rotura da trama urbana e dificultan o cruce e as relacións e conexións entre ambos laterais, impedindo o tránsito entre ambas, e imposibilitando en determinados tramos a circulación peonil. As medidas

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

propostas son xenéricas e non teñen en consideración o entorno urbano complexo existente e a necesidade de eliminar esa fractura, achegando ó polígono ao núcleo urbano.

Nº de actuación: 4. AC-552 Arteixo. PK de inicio e fin 10+050 11+000, cunha lonxitude de 950 metros e cunha estimación de 451 persoas afectadas.
As medidas propostas son as seguintes: Redución de velocidade a 30km/h. Tratamento de calmado de tráfico (creación de mediana/cebreado central, estreitamento de carrís, remodelación de glorietas, remodelación de aparcadoiros, vías de servicio, etc.) e estreitamento de carrís.

A zona do viario que atravesa o núcleo compacto de Arteixo, cunha edificación en bloque pechado con mazás en altura, ao igual que ocorría no núcleo urbano de Vilarodís, presenta as características dunha travesía urbana. Ao tratarse do núcleo urbano máis importante do concello, onde habita a maior parte da poboación é onde se atopan a maioría dos servicios, a circulación de vehículos que utilizan a vía como conexión entre municipios dificulta a adecuada utilización do espacio urbano e dificulta lograr obxectivos acústicos, de mobilidade sostible, accesibilidade e seguridade viaria.

Resulta necesario estudar este tramo dunha forma conxunta e buscar alternativas ao tráfico rodado que non precisa atravesar a zona urbana. Nas Normas Subsidiarias estaba prevista a realización dun viario que daría continuidade a un sistema lineal polo norte do núcleo urbano, no SAUR 1, na actualidade solo rústico por aplicación da disposición transitoria primeira da lei do solo de Galicia.



Esta conexión prevista nas Normas Subsidiarias ofrecía por un lado a posibilidade de conexión entre á AC-552 coa DP-0514 e polo outro a continuidade pola Avenida de Figueroa e a Avenida da Deputación ata a conexión coa Rotonda de Sabón. Desta forma quedaría liberado de circulación o tramo da AC-552 no centro urbano de Arteixo o que melloraría as condicións acústicas ata chegar á rotonda de Sabón onde existen alternativas de vías rápidas (autoestrada e autovía) e se facilitaría a conexión da zona escolar e de equipamentos co centro do núcleo urbano.

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Esta conexión ofrecería a posibilidade de bifurcación, polo que no entorno da Avenida de Arteixo (AC-552) diminuiría o tránsito de vehículos e o impacto acústico e se poderían realizar propostas máis acordes co sinalado no PMUS e no propio Plan de acción contra a contaminación acústica. Con esta visión en conxunto sería preciso ordenar os nós viarios no tramo urbano.



Terceiro tramo. Núcleos rurais:

Non se establece ningunha zona prioritaria de actuación no trazado que vai dende o núcleo de Arteixo ata o linde con Paiosaco, no municipio de A Laracha. Neste tramo se localizan os núcleos rurais de Castelo, Preguín, Campo, Hermida e Vilarnovo e os núcleos rurais tradicionais de Anide, Caserío de Biñeiro, Paradela e Casanova. Pese a que a porcentaxe de poboación afectada resulta baixa, a incidencia sobre os núcleos rurais tradicionais e a existencia dunha escola unitaria son factores que se deberían considerar.

Como se ten indicado no informe, na no lateral do viario, na delimitación do núcleo rural de Paradela, se sitúa a Escola Unitaria de Rexedoiro (EEI Larín de Arriba). Esta é unha zona onde os vehículos circulan a altas velocidades e o viario se impón fronte ao peón, deberá terse en consideración a existencia da escola unitaria e o establecemento de medidas que faciliten tanto a mellora acústica como os percorridos seguros e accesibles.



Segundo o indicado ao longo do informe urbanístico se volve a incidir sobre a necesidade de buscar unha solución en conxunto e realizar o estudo das actuacións prioritarias dende un punto de vista integral, considerando tanto o impacto acústico como a mobilidade, accesibilidade, seguridade viaria entre outros e tendo como foco o PMUS e a posibilidade de creación dunha Mesa da Mobilidade como elemento de relación entre os diferentes sectores e administracións implicados.

A lei de Réxime Xurídico do Sector Público fixa a colaboración entre administracións para a consecución de fins comúns e a coordinación para acadar uns resultados comúns garantindo a coherencia entre as actuacións das diferentes administracións públicas. Se considera necesario incorporar o sinalado tanto no Plan de Movilidad Urbana Sostenible del Concello de Arteixo (PMUS) como no Plan de Accesibilidad Universal Municipal de Arteixo 2021-2028 e no III Plan Municipal de Igualdade de oportunidades entre

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mulleres e homes do Concello de Arteixo 2021-2024 ao estudo das propostas que se están a realizar no Plan de Acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia.

CVD: A49hcWoR3HtjGp/z1TU6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electrónica mente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)